



# BOP

26 DE AGOSTO DE 2009

Nº 195

## DIPUTACIÓN DE LUGO

boletin@deputacionlugo.org  
www.deputacionlugo.org

Dep. Legal: LU - 1 - 1968

Administración: San Marcos, 8 - 27001 Lugo  
Teléf.: 982 26 01 24/25/26 - fax: 982 26 02 05

### ADMINISTRACION GENERAL DEL ESTADO

#### Subdelegación del Gobierno en Lugo

Oficina de Extranjeros

En expediente de expulsión seguido a instancia de la Comisaría de LUGO a la ciudadana de Nigeria DORIS EFOSA de conformidad con el apartado a) del art. 53, en relación con el art. 57 de la Ley Orgánica 4/2000 de 11 de enero (BOE de 12-1-2000), modificada por Ley Orgánica 8/2000, de 22 de diciembre (BOE de 23 de diciembre) y LO 14/2003, de 20 de noviembre (BOE 21 de noviembre), ha recaído resolución de la Subdelegación del Gobierno de fecha 23-06-2009, cuya parte dispositiva es la que sigue: Se acuerda la expulsión del territorio nacional y de los territorios de Bélgica, Francia, Alemania, Luxemburgo, Países Bajos, Austria, Dinamarca, Finlandia, Grecia, Islandia, Italia, Noruega, Portugal, España, Suecia, República Checa, Estonia, Hungría, Letonia, Lituania, Malta, Polonia, Eslovaquia y Eslovenia, en virtud de lo previsto en el artículo 96 del convenio de aplicación del Acuerdo de Schengen, por un período de TRES AÑOS a la ciudadana de Nigeria DORIS EFOSA.

Como quiera que la citada resolución no ha podido ser comunicada a la parte interesada, en su último domicilio conocido, en esta provincia, se procede a su notificación según lo previsto en el art. 59.4 de la Ley de Régimen Jurídico y Procedimiento Administrativo de 26 de noviembre de 1992, modificada por Ley 4 de 13 de enero de 1999, BOE de 14 de enero de 1999.

Contra dicha resolución, que pone fin a la vía administrativa, cabe interponer, potestativamente recurso de reposición ante este Organismo, en el plazo de un mes a contar desde el día siguiente al de la notificación de la presente resolución o recurso contencioso-administrativo ante el Juzgado de lo Contencioso Administrativo de Lugo, o bien ante el Juzgado de lo Contencioso Administrativo del domicilio del demandante, a elección de éste, en el plazo de dos meses contados desde el día siguiente al de su notificación de acuerdo con lo dispuesto en los arts. 14 y 16 de la Ley 29/1998 (BOE de 14 de julio), sin perjuicio de cualquier otro recurso que estime pertinente interponer.

El correspondiente expediente figura a disposición del interesado para conocimiento íntegro y constancia

del mencionado acto en la Oficina de Extranjeros de la Subdelegación del Gobierno en Lugo, calle Río Neira, nº 19-23.

EL SUBDELEGADO DEL GOBIERNO, José Vázquez Portomeñe.

R. 04646

### AYUNTAMIENTOS

COSPEITO

#### ANUNCIO DE APROBACIÓN INICIAL

Aprobado inicialmente en sesión extraordinaria de Pleno deste Concello, con data 22 de agosto de 2009 o orzamento xeral do Concello de Cospeito, bases de execución, e o cadro e plantilla de persoal funcionario e laboral para o exercicio económico de 2009, de acordo ao previsto no artigo 169 do Texto Refundido da Lei Reguladora de Facendas Locais aprobado por Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo e o artigo 20 do Real Decreto 500/1990, de 20 de abril, exponse ao público o expediente e a documentación preceptiva por prazo de quince días hábiles contados a partir do seguinte ó da publicación deste anuncio no Boletín Oficial da Provincia de Lugo, aos efectos de que os interesados lexitimados poidan presentar, se o estiman, reclamacións e alegacións por algún dos motivos taxativamente enumerados no artigo 170.2 do Real Decreto Legislativo 2/2004 de 5 de marzo.

O acordo inicial elevarase automáticamente a definitivo se no citado prazo non se presentara reclamación ou suxerencia algunha; en caso contrario o Pleno disporá de un mes para resolvelas.

Cospeito, 22 de agosto de 2009.- O Alcalde, Armando Castosa Alvaríño.

R. 04698

FOZ

#### Edicto de devolución de aval

Solicitado por D. JOSÉ SAA SAA, xerente da entidade mercantil CONSTRUCCIONES Y CANALIZACIONES JOSE SAA, S.L., con enderezo en Rúa Álvaro Cunqueiro núm. 1 de Foz, a devolución de aval presen-

tado para responder da obra CANALIZACIÓN C/ MIGUEL DE CERVANTES - FOZ (obra contratada con BEGASA), sométese o expediente a información pública na Secretaría Municipal a efectos de exame e reclamacións, por prazo de quince días hábiles contados a partires da publicación deste anuncio no Boletín Oficial da Provincia.

Foz, a 31 de xullo de 2009.- O Alcalde, José María García Rivera.

R. 04656

FRIOL

*Edicto*

Al quedar definitivamente aprobado por el Pleno de esta Corporación el expediente de modificación de créditos número 3/2009, (primero de competencia del Pleno), para suplemento de créditos y créditos extraordinarios, dentro del vigente presupuesto municipal, por el acuerdo adoptado en sesión celebrada el día treinta de julio de dos mil nueve, por un importe total de VEINTISEIS MIL OCHOCIENTOS CUARENTA Y CINCO EUROS CON SESENTA Y SIETE CÉNTIMOS DE EURO (26.845,67 euros); de acuerdo con lo preceptuado y en cumplimiento con lo dispuesto en el artículo 177.2 en relación con el 169.3 del Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, por el que se aprueba el Texto Refundido de la Ley Reguladora de las Haciendas Locales, se hace público que, después de dicho expediente, el resumen por capítulos del estado de gastos, del referido presupuesto queda de la siguiente forma:

CAPÍTULOS	IMPORTES
1.- Gastos de personal	874.103,22
2.- Gastos en bienes corrientes y servicios	945.516,52
3.- Gastos financieros	14.980,21
4.- Transferencias corrientes	88.340,00
6.- Inversiones reales	1.619.122,35
7.- Transferencias de capital	103.378,34
8.- Activos financieros	0,00
9.- Pasivos financieros	19.819,78
SUMA TOTAL	3.665.260,42

Lo que se hace público para general conocimiento y efectos.

Friol, 18 de agosto de 2009.- El Alcalde, Antonio Muiña Pena.

R. 04659

LUGO

DECRETO NÚMERO 675/2009 DO LIBRO DE RESOLUCIÓNS EN MATERIA DE PERSOAL Ó SERVIZO DA CORPORACIÓN, DITADAS POLO TENENTE DE ALCALDE DELEGADO DA ÁREA.

Ilma. Sra. dona SONIA MÉNDEZ GARCÍA, tte. de Alcalde Delegada da Área de Economía e Emprego en substitución do tenente de Alcalde-Delegado da Área de Réxime Interior e Protección da Comunidade.

Lugo, a seis de agosto de dous mil nove.

A Xunta de Goberno Local, en sesión ordinaria celebrada o día 29 de xullo de 2009, aprobou as bases específicas para o acceso en propiedade a tres prazas de auxiliar de Administración Xeral pertencentes ó cadro de persoal funcionario do Excmo. Concello de Lugo, quenda de consolidación de emprego temporal.

Polo exposto anteriormente, en virtude das atribucións conferidas á Xunta de Goberno Local, no artigo 127 da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, e acordo número 1/877 do dito órgano de Goberno, de delegación de atribucións, do 18.10.2004 e acordo número 3/533 de 20.06.2007, RESOLVO:

PRIMEIRO.- Convocar o proceso selectivo mediante o sistema de concurso oposición, para o acceso en propiedade a tres prazas de auxiliar de Administración Xeral, pertencentes o cadro de persoal funcionario do Excmo. Concello de Lugo, quenda de consolidación de emprego temporal, que se rexerá tanto polas bases xerais para o acceso en propiedade a prazas de funcionarios e persoal laboral do Excmo. Concello de Lugo en quenda de consolidación de emprego temporal, aprobadas pola Xunta de Goberno Local, en sesión do 18.06.2008, publicadas no BOP número 157 de 9.07.2008 e como polas bases específicas tamén aprobadas por dito órgano na sesión do 29.07.2009, que seguidamente se transcriben:

“BASES ESPECÍFICAS PARA O ACCESO EN PROPIEDAD A TRES PRAZAS DE AUXILIAR DE ADMINISTRACIÓN XERAL PERTENCENTES Ó CADRO DE PERSOAL FUNCIONARIO DO EXCMO. CONCELLO DE LUGO, QUENDA DE CONSOLIDACIÓN DO EMPREGO TEMPORAL.

1º.- OBXECTO.- Estas bases específicas teñen por obxecto regular os aspectos particulares do proceso de selección para o acceso, como funcionario de carreira, a tres prazas de auxiliar de Administración Xeral, do cadro de persoal funcionario, do Excmo. Concello de Lugo, en todo o que non estea previsto nas "BASES XERAIS PARA O ACCESO EN PROPIEDAD A PRAZAS DE FUNCIONARIOS E PERSOAL LABORAL DO EXCMO. CONCELLO DE LUGO, QUENDA DE CONSOLIDACIÓN DE EMPREGO TEMPORAL", aprobadas pola Xunta de Goberno o 18 de xuño de 2008 e modificadas polo citado órgano en sesión do 18 de febreiro de 2009.

O órgano competente da Corporación poderá adscribir a persoa aspirante nomeada, través do correspondente procedemento regulamentario, a calquera posto de traballo que, de acordo co seu grupo de titulación, teña asignadas funcións propias desta categoría profesional.

2º.- CARACTERÍSTICAS DA PRAZA.

a) Denominación da praza: Auxiliar de Administración Xeral.

b) Grupo de titulación: GRUPO C (subgrupo C2).

c) Outras características:

- Escala: Administración xeral.

- Subescala: Auxiliar.

3º.- SISTEMA SELECTIVO. De conformidade co previsto nas bases xerais aprobadas por este Concello de Lugo na quenda de consolidación de emprego temporal, o sistema selectivo será o de concurso oposición.

4º.- TITULACIÓN ESIXIDA PARA O ACCESO Á PRAZA:

Graduado escolar ou título superior ou equivalente.

5º.- SOLICITUDE DE PARTICIPACIÓN. As solicitudes para participar no correspondente proceso selectivo haberán de axustarse ó modelo aprobado polo Excmo. Concello de Lugo.

As solicitudes de participación deberá xuntárselles a seguinte documentación:

a) Fotocopia do DNI, pasaporte ou documento que o substitúa noutros estados membros da Unión Europea.

b) Fotocopia compulsada da titulación esixida.

c) Xustificante do ingreso dos dereitos de exame. Os interesados e interesadas deberán unirlle á solicitude o xustificante de ter ingresados os dereitos de exame. As taxas por dereito de exame para este grupo están fixadas en 12,60 euros, de acordo coa ordenanza fiscal número 119 vixente neste momento no Concello, téndose que estar en todo o relativo ós dereitos de exame co establecido na citada ordenanza. O aboamento da citada taxa farase en calquera das oficinas de Caixa Galicia, no número de conta 2091 0152 26 3110001309.

De conformidade, así mesmo, co previsto no artigo 38 da Lei de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común, o importe da taxa por dereitos de exame poderá facerse efectivo mediante xiro postal ou telegráfico ou mediante transferencia á conta enriba sinalada.

O importe dos dereitos de exame só será devolto a quen non fose admitido por falla dalgún dos requisitos esixidos para tomar parte nas probas.

d) Do mesmo xeito, deberán xuntarse á instancia os méritos que a persoa aspirante desexe que se teñan en conta na fase de concurso.

6º.- PROCESO SELECTIVO.

1.- Fase de concurso.

Para a fase de concurso estarase ó disposto na base sexta das bases xerais para o acceso en propiedade a prazas de funcionarios do Excmo. Concello de Lugo en quenda de consolidación de emprego temporal.

2.- Fase de oposición.

As probas selectivas que deberán superar as persoas aspirantes á praza á que se refiren estas bases específicas son as seguintes:

A) DE CARÁCTER OBRIGATORIO E ELIMINATORIO:

PRIMEIRO EXERCICIO, teórico: Consistirá en contestar a un cuestionario de 40 preguntas con resposta curta, relativas tanto o contido do programa de materias comúns como da parte de materias específicas. O tempo de realización será de dúas horas. O exercicio será cualificado de 0 a 10 puntos, sendo preciso acadar un mínimo de cinco puntos para superalo, sendo eliminados aqueles aspirantes que non o obteñan.

O temario de materias comúns intégrano 4 temas, e figura na base décimo sexta das bases xerais xa mencionadas, que rexerán nos procesos para o acceso en propiedade a prazas pertencentes ó cadro de funcionarios e persoal laboral do Concello de Lugo en quenda libre e de consolidación de emprego temporal.

SEGUNDO EXERCICIO, teórico: Desenvolvemento, por escrito, de dous temas extraídos ó chou dos que integran a parte específica do programa. O tempo máximo para desenvolver o devandito exercicio será de 90 minutos. O exercicio será cualificado de 0 a 10 puntos, sendo preciso acadar un mínimo de cinco puntos para superalo, sendo eliminados aqueles aspirantes que non o obteñan.

TERCEIRO EXERCICIO, práctico: Resolución dun suposto práctico proposto polo Tribunal relacionado coas funcións propias da praza (redacción de documento administrativo con utilización do sistema informático utilizado polos servizos municipais). O tempo para a realización deste exercicio será de trinta minutos.

No anuncio de convocatoria deste exercicio, o Tribunal determinará os medios materiais dos que deberán, ou poderán, ir provistos os aspirantes para a súa realización.

Os exercicios obrigatorios e eliminatorios cualifícanse de apto ou non apto, e deberá acadarse unha puntuación mínima de 5 para a súa superación. Os exercicios que obteñan a cualificación de apto serán puntuados de 5 a 10 puntos.

B) COÑECEMENTO DA LINGUA GALEGA.

Na realización deste exercicio e na súa valoración, haberá que atermos ó disposto na base décimo terceira letra C das bases xerais para o acceso en propiedade a prazas de funcionarios e persoal laboral do Excmo. Concello de Lugo en quenda de consolidación de emprego temporal.

A cualificación final de cada aspirante será a resultante da suma das cualificacións de cada un dos exercicios obrigatorios e eliminatorios coa suma das puntuacións obtidas na fase de concurso.

7º.- PROGRAMA TEMARIO DE MATERIAS ESPECÍFICAS.

Tema 1.- A organización municipal: Principios fundamentais. Municipios de gran poboación e municipios de réxime común.

Tema 2.- Municipios de gran poboación: O Alcalde. Competencias. Forma de elección e cese.

Tema 3.- Municipios de gran poboación: Os tenentes de Alcalde. A Xunta de Goberno Local: Composición e atribucións.

Tema 4.- Municipios de gran poboación: O Concello Pleno. Composición e competencias. As Comisións Informativas.

Tema 5.- Réxime de sesións e acordos dos órganos colexiados locais.

Tema 6.- A potestade regulamentaria das Entidades Locais. Ordenanzas, regulamentos e bandos.

Tema 7.- O persoal ó servizo da Administración Local: Funcionarios propios das Entidades Locais. Integración en escalas, subescalas e clases. Dereitos e deberes.

Tema 8.- Os bens das entidades locais: A súa clasificación. Réxime xurídico dos bens das entidades locais.

Tema 9.- O acto administrativo: Concepto e clases. Elementos.

Tema 10.- Eficacia dos actos administrativos. Notificación e publicación. Nulidade e anulabilidade.

Tema 11.- Finalización do procedemento administrativo: A obriga de resolver. O silencio administrativo.

Tema 12.- Os orzamentos das Corporacións Locais: Elaboración, aprobación e execución.

Tema 13.- As Facendas Locais: Recursos das Facendas Locais. Especial referencia a impostos, taxas e contribucións especiais.

Tema 14.- Os contratos das Administracións Públicas: Delimitación dos tipos contractuais. Normas xerais da preparación dos contratos polas Administracións Públicas. A adxudicación dos contratos das Administracións Públicas.

Tema 15.- O rexistro de documentos: Concepto. O rexistro de entrada e saída: O seu funcionamento nas Corporacións Locais. Presentación de instancias e outros documentos nas oficinas públicas.

Tema 16.- Dereitos e deberes dos veciños no ámbito local: Información e participación cidadá.

Tema 17.- Conceptos básicos de informática: Hardware e software.

Tema 18.- Tratamentos de textos: Microsoft word. Folla de cálculo: Microsoft excel. Base de datos: Microsoft access."

SEGUNDO.- Procédase a súa publicación na forma legalmente establecida.

Esta resolución pon fin á vía administrativa e contra ela caberá interpoñer recurso contencioso-administrativo, no prazo de DOUS MESES, contados a partir do día seguinte ó da súa notificación, ante o Xulgado do Contencioso Administrativo de Lugo ou, á elección do interesado, ante o da circunscrición onde teña o seu domicilio. Malia o anterior, e con carácter previo e potestativo, poderá interpoñer recurso de reposición, no prazo de UN MES, contado dende o seguinte á notifica-

ción da presente resolución, sen prexuízo de que vostede interpoña calquer outro recurso que estime procedente en Dereito.

Cúmprase.

R. 04619

DECRETO NÚMERO 676/2009 DO LIBRO DE RESOLUCIÓNS EN MATERIA DE PERSOAL Ó SERVIZO DA CORPORACIÓN, DITADAS POLO TENENTE DE ALCALDE DELEGADO DA ÁREA.

Ilma. Sra. dona SONIA MÉNDEZ GARCÍA, tte. de Alcalde Delegada da Área de Economía e Emprego en substitución do tenente de Alcalde-Delegado da Área de Réxime Interior e Protección da Comunidade.

Lugo, a seis de agosto de dous mil nove.

A Xunta de Goberno Local, en sesión ordinaria celebrada o día 29 de xullo de 2009, aprobou as bases específicas para o acceso en propiedade a 15 prazas de auxiliar de Administración Xeral, once delas correspondentes á oferta de emprego de 2008 (dúas delas reservadas para persoas discapacitadas) e catro correspondentes á oferta de emprego de 2009, pertencentes ó cadro de persoal funcionario do Excmo. Concello de Lugo, quenda libre.

Polo exposto anteriormente, en virtude das atribucións conferidas á Xunta de Goberno Local, no artigo 127 da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, e acordo número 1/877 do dito órgano de Goberno, de delegación de atribucións, do 18.10.2004 e acordo número 3/533 de 20.06.2007, RESOLVO:

PRIMEIRO.- Convocar o proceso selectivo mediante o sistema de oposición libre, para o acceso en propiedade a 15 prazas de auxiliar de Administración Xeral, once delas correspondentes á oferta de emprego de 2008 (dúas delas reservadas para persoas discapacitadas) e catro correspondentes á oferta de emprego de 2009, pertencentes o cadro de persoal funcionario do Excmo. Concello de Lugo, quenda libre, que se rexerá tanto polas bases xerais para o acceso en propiedade a prazas de funcionarios e persoal laboral do Excmo. Concello de Lugo en quenda de consolidación de emprego temporal, aprobadas pola Xunta de Goberno Local, en sesión do 18.06.2008, publicadas no BOP número 157 de 9.07.2008 e como polas bases específicas tamén aprobadas por dito órgano na sesión do 29.07.2009, que seguidamente se transcriben:

"BASES ESPECÍFICAS PARA O ACCESO EN PROPIEDAD A QUINCE PRAZAS DE AUXILIAR DE ADMINISTRACIÓN XERAL, ONCE DELAS CORRESPONDENTES Á OFERTA DE EMPREGO DE 2008 (DUAS DELAS RESERVADAS PARA PERSOAS DISCAPACITADAS) E CATRO CORRESPONDENTES Á OFERTA DE EMPREGO DE 2009, PERTENCENTES Ó CADRO DE PERSOAL FUNCIONARIO DO EXCMO. CONCELLO DE LUGO, QUENDA LIBRE.

1º.- OBJECTO.- Estas bases específicas teñen por obxecto a regulación dos aspectos particulares do pro-

ceso de selección para o acceso, como funcionario de carreira, a quince prazas de auxiliar de Administración Xeral, (once delas correspondentes á oferta de emprego de 2008 e catro correspondentes á oferta de emprego de 2009), do cadro de persoal funcionario do Excmo. Concello de Lugo, en todo o que non estea previsto nas "BASES XERAIS PARA O ACCESO EN PROPIEDAD A PRAZAS DE FUNCIONARIOS E PERSOAL LABORAL DO EXCMO. CONCELLO DE LUGO, QUENDA LIBRE", aprobadas pola Xunta de Goberno o 18 de xuño de 2008 e modificadas polo citado órgano en sesión do 18 de febreiro de 2009.

Establécese a reserva de dúas prazas para ser cubertas entre persoas con discapacidade de grao igual ou superior ó 33%. A opción á participación no procedemento selectivo para as prazas reservadas para persoas discapacitadas terá que formularse na solicitude de participación da correspondente convocatoria. A súa condición de discapacitado/a deberá acreditarse coa certificación do órgano competente, así como, igualmente, deberán presentar certificado expedido polo mesmo órgano ou polo competente da Administración sanitaria, que acredite a compatibilidade das súas circunstancias físicas ou psíquicas co desempeño das tarefas e funcións da correspondente praza. Todo isto deberá acompañar a solicitude de participación no proceso selectivo.

Con anterioridade ó nomeamento, e unha vez superado o proceso selectivo, o Alcalde poderá requirir, respecto ás persoas que accedan por esta cota de reserva, ditame do órgano competente sobre a compatibilidade do candidato/a para o posto de traballo ou sobre as adaptacións deste último.

Se as prazas reservadas para persoas con discapacidade non se cubiran por este sistema acumularanse á quenda libre.

O órgano competente da Corporación poderá adscribir as persoas aspirantes nomeadas, a través do correspondente procedemento regulamentario, a calquera posto de traballo que, de acordo co seu grupo de titulación, teña asignadas funcións propias desta categoría profesional.

## 2º.- CARACTERÍSTICAS DA PRAZA.

a) Denominación da praza: Auxiliar de Administración Xeral.

b) Grupo de titulación: GRUPO C (subgrupo C2).

c) Outras características:

- Escala: Administración xeral.

- Subescala: Auxiliar.

3º.- SISTEMA SELECTIVO. O sistema selectivo será o de oposición libre.

4º.- TITULACIÓN ESIXIDA PARA O ACCESO Á PRAZA:

Graduado escolar ou título superior ou equivalente.

5º.- SOLICITUDE DE PARTICIPACIÓN.

As solicitudes para participar no correspondente proceso selectivo haberán de axustarse ó modelo aprobado polo Excmo. Concello de Lugo.

As solicitudes de participación deberá xuntárselles a seguinte documentación:

a) Fotocopia do DNI, pasaporte ou documento que o substitúa noutros estados membros da Unión Europea.

b) Fotocopia compulsada da titulación esixida.

c) Xustificante do ingreso dos dereitos de exame. Os interesados e interesadas deberán unirle á solicitude o xustificante de ter ingresados os dereitos de exame. As taxas por dereito de exame para este grupo están fixadas en 12,60 euros, de acordo coa ordenanza fiscal número 119 vixente neste momento no Concello, téndose que estar en todo o relativo ós dereitos de exame co establecido na citada ordenanza. O aboamento da citada taxa farase en calquera das oficinas de Caixa Galicia, no número de conta 2091 0152 26 3110001309.

De conformidade, así mesmo, co previsto no artigo 38 da Lei de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común, o importe da taxa por dereitos de exame poderá facerse efectivo mediante xiro postal ou telegráfico ou mediante transferencia á conta enriba sinalada.

O importe dos dereitos de exame só será devolto a quen non fose admitido por falla dalgún dos requisitos esixidos para tomar parte nas probas.

e) No caso de persoas discapacitadas, deberán acompañar á solicitude os documentos establecidos no punto primeiro destas bases específicas.

## 6º.- PROCESO SELECTIVO.

As probas selectivas que deberán superar as persoas aspirantes á praza á que se refiren estas bases específicas son as seguintes:

A) DE CARÁCTER OBRIGATORIO E ELIMINATORIO:

PRIMEIRO EXERCICIO, teórico: Consistirá en contestar a un cuestionario de 40 preguntas con resposta curta, relativas tanto o contido do programa de materias comúns como da parte de materias específicas. O tempo de realización será de dúas horas. O exercicio será cualificado de 0 a 10 puntos, sendo preciso acadar un mínimo de cinco puntos para superalo, sendo eliminados aqueles aspirantes que non o obteñan.

O temario de materias comúns intégrano 4 temas, e figura na base décimo sexta das bases xerais xa mencionadas, que rexerán nos procesos para o acceso en propiedade a prazas pertencentes ó cadro de funcionarios e persoal laboral do Concello de Lugo en quenda libre e de consolidación de emprego temporal.

SEGUNDO EXERCICIO, teórico: Desenvolvemento, por escrito, de dous temas extraídos ó chou dos que integran a parte específica do programa. O tempo máximo para desenvolver o devandito exercicio será de 90 minutos. O exercicio será cualificado de 0 a 10 puntos,

sendo preciso acadar un mínimo de cinco puntos para superalo, sendo eliminados aqueles aspirantes que non o obteñan.

**TERCEIRO EXERCICIO**, práctico: Resolución dun suposto práctico proposto polo Tribunal relacionado coas funcións propias da praza (redacción de documento administrativo con utilización do sistema informático utilizado polos servizos municipais). O tempo para a realización deste exercicio será de trinta minutos.

No anuncio de convocatoria deste exercicio, o Tribunal determinará os medios materiais dos que deberán, ou poderán, ir provistos os aspirantes para a súa realización.

Os exercicios obrigatorios e eliminatorios cualifícanse de apto ou non apto, e deberá acadarse unha puntuación mínima de 5 para a súa superación. Os exercicios que obteñan a cualificación de apto serán puntuados de 5 a 10 puntos.

#### B) COÑECEMENTO DA LINGUA GALEGA.

Na realización deste exercicio e na súa valoración haberá que atermos ó disposto na base décimo cuarta letra C das bases xerais para o acceso en propiedade a prazas de funcionarios e persoal laboral do Excmo. Concello de Lugo en quenda libre.

A cualificación final de cada aspirante será a resultante da suma das cualificacións de cada un dos exercicios obrigatorios e eliminatorios.

#### 7º.- PROGRAMA TEMARIO DE MATERIAS ESPECÍFICAS.

**Tema 1.-** A organización municipal: Principios fundamentais. Municipios de gran poboación e municipios de réxime común.

**Tema 2.-** Municipios de gran poboación: O Alcalde. Competencias. Forma de elección e cese.

**Tema 3.-** Municipios de gran poboación: Os tenentes de Alcalde. A Xunta de Goberno Local: Composición e atribucións.

**Tema 4.-** Municipios de gran poboación: O Concello Pleno. Composición e competencias. As Comisións Informativas.

**Tema 5.-** Réxime de sesións e acordos dos órganos colexiados locais.

**Tema 6.-** A potestade regulamentaria das Entidades Locais. Ordenanzas, regulamentos e bandos.

**Tema 7.-** O persoal ó servizo da Administración Local: Funcionarios propios das Entidades Locais. Integración en escalas, subescalas e clases. Dereitos e deberes.

**Tema 8.-** Os bens das entidades locais: A súa clasificación. Réxime xurídico dos bens das entidades locais.

**Tema 9.-** O acto administrativo: Concepto e clases. Elementos.

**Tema 10.-** Eficacia dos actos administrativos. Notificación e publicación. Nulidade e anulabilidade.

**Tema 11.-** Finalización do procedemento administrativo: A obriga de resolver. O silencio administrativo.

**Tema 12.-** Os orzamentos das Corporacións Locais: Elaboración, aprobación e execución.

**Tema 13.-** As Facendas Locais: Recursos das Facendas Locais. Especial referencia a impostos, taxas e contribucións especiais.

**Tema 14.-** Os contratos das Administracións Públicas: Delimitación dos tipos contractuais. Normas xerais da preparación dos contratos polas Administracións Públicas. A adxudicación dos contratos das Administracións Públicas.

**Tema 15.-** O rexistro de documentos: Concepto. O rexistro de entrada e saída: O seu funcionamento nas Corporacións Locais. Presentación de instancias e outros documentos nas oficinas públicas.

**Tema 16.-** Dereitos e deberes dos veciños no ámbito local: Información e participación cidadá.

**Tema 17.-** Conceptos básicos de informática: Hardware e software.

**Tema 18.-** Tratamentos de textos: Microsoft word. Folla de cálculo: Microsoft excel. Base de datos: Microsoft access."

**SEGUNDO.-** Procédase a súa publicación na forma legalmente establecida.

Esta resolución pon fin á vía administrativa e contra ela caberá interpoñer recurso contencioso-administrativo, no prazo de DOUS MESES, contados a partir do día seguinte ó da súa notificación, ante o Xulgado do Contencioso Administrativo de Lugo ou, á elección do interesado, ante o da circunscrición onde teña o seu domicilio. Malia o anterior, e con carácter previo e potestativo, poderá interpoñer recurso de reposición, no prazo de UN MES, contado dende o seguinte á notificación da presente resolución, sen prexuízo de que vostede interpoña calquer outro recurso que estime procedente en dereito.

Cúmprase.

R. 04620

DECRETO NÚMERO 678/2009 DO LIBRO DE RESOLUCIÓN EN MATERIA DE PERSOAL Ó SERVIZO DA CORPORACIÓN, DICTADAS POLO TENENTE DE ALCALDE DELEGADO DE ÁREA.

Ilma. Sra. dona SONIA MÉNDEZ GARCÍA, Tta. de Alcalde Delegada da Área de Economía e Emprego, en substitución do tte. de Alcalde delegado da Área de Réxime Interior e Protección da Comunidade.

Lugo, sete de agosto de dous mil nove.

Rematada a cualificación final da única aspirante presentada e visto o resultado emitido polo Tribunal cualificador das probas selectivas celebradas para o acceso en propiedade, en quenda de consolidación de emprego temporal, a unha praza de Enxeñeiro de Camiños, Canais e Portos, cuxa cobertura foi convoca-

da polo Decreto do Libro de Resolucións en materia de persoal ó servizo da Corporación, núm. 23/2009 (BOP núm. 022, do 28 - 01 - 2009); en virtude das atribucións conferidas á Xunta de Goberno Local polo artigo 127 da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, e dos acordos de dito órgano de Goberno, de delegación de atribucións, números 1/877 e 3/533, de datas do 18 - 10 - 2004 e do 20 - 6 - 2007, respectivamente, RESOLVO:

Primeiro.- Facer pública a relación da aspirante aprobada así como a puntuación obtida no referido procedemento selectivo, de conformidade coa base décimo oitava das xerais para o acceso en propiedade a prazas de funcionarios e persoal laboral do Excmo. Concello de Lugo, en quenda de consolidación de emprego temporal, publicadas no Boletín Oficial da Provincia núm. 157, do 9 de xullo de 2008:

- UNHA PRAZA DE ENXEÑEIRO DE CAMIÑOS, CANAIS E PORTOS:

DONA MARTA CARBALLAL NEIRA (puntuación total: 38,10 puntos).

Segundo.- A opositora aprobada, de conformidade coa base décimo novena das xerais referidas, deberá presentar no Rexistro Xeral do Concello de Lugo, ou en calquera das formas previstas no artigo 38.4 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, no prazo de vinte días naturais contados dende o seguinte a aquél no que se publique a relación de aprobados no Boletín Oficial da Provincia de Lugo, os seguintes documentos acreditativos das condicións de capacidade e demais requisitos esixidos na convocatoria:

1) Declaración xurada de non estar separado do servizo das Administracións Públicas e non estar incurso en ningún punto das causas de incapacidade ou incompatibilidade determinadas na lexislación vixente.

2) Certificado que acredite non padecer enfermidade ou defecto físico que impida o normal exercicio da función.

3) Dúas fotografías tamaño carné.

4) Fotocopia da tarxeta da Seguridade Social (no caso de ter estado de alta).

Quen tivese xa a condición de funcionario público estará exento de xustificar as condicións e os requisitos acreditados para obter o seu anterior nomeamento, e deberá presentar soamente unha certificación que acredite a súa condición de funcionario e demais circunstancias que constan no seu expediente persoal e a xustificación dos requisitos específicos esixidos para o acceso.

Os/as aspirantes aprobados que, dentro do prazo indicado, agás casos de forza maior, non presentasen a documentación esixida ou dela se deducise que carecen dos requisitos esixidos nas correspondentes convocatorias, non poderán ser nomeados, e quedarán anuladas todas as súas actuacións, sen prexuízo da responsabilidade en que puidesen incorrer por falsidade na súa instancia.

Terceiro.- Contra esta resolución poderá interpoñerse recurso contencioso - administrativo nun prazo de DOUS MESES, contados a partir do día seguinte ó da publicación no Boletín Oficial da Provincia, o cal pon fin á vía administrativa (artigo 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo), ante o Xulgado do Contencioso Administrativo (artigo 8 da Lei 29/1998, do 13 de xullo) de Lugo, ou, a elección do demandante, ante aquél na circunscrición do cal teña o demandante o seu domicilio, cando o recurso teña por obxecto actos de materia de persoal, propiedades especiais e sancións (artigo 14 da Lei 19/1998, do 13 de xullo). Malia o anterior, e con carácter previo, contra a presente resolución poderá interpoñerse o recurso potestativo de reposición previsto no artigo 116 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, no prazo de UN MES, contado así mesmo dende o día seguinte ó da publicación no Boletín Oficial da Provincia, sen prexuízo de que poida interpoñerse calquera outro recurso ou reclamación que se estime conveniente ó seu dereito.

Cúmprase.

R. 04657

#### Información pública

Don José Manuel Núñez Ferreiro solicitou desta Alcaldía licenza municipal para a instalación dun café - bar na rúa Antonio Rosón núm. 1, baixo.

Cumprindo o disposto no núm. 3 do apartado b), do art. 36 do Regulamento Xeral de Policía de Espectáculos e Actividades Recreativas, do 27 de agosto de 1982, sométese a información pública por período de dez días hábiles, a fin de que durante o mesmo - que empezará a contarse dende o día seguinte ó da publicación do presente edicto-, poida examinarse o expediente no Servizo de Licenzas, polas persoas que dalgún xeito se consideren afectadas pola actividade que se pretende instalar e formular por escrito as reclamacións ou observacións que se estimen oportunas.

Lugo, 7 de agosto de 2009.- A DELEGADA DA ÁREA DE URBANISMO, María Novo Pena.

R. 04658

#### PARADELA

##### Anuncio

Acordo de aprobación inicial do regulamento da bolsa municipal de emprego do Concello de Paradelas e bases para a contratación de persoal laboral temporal.

O Pleno deste Concello aprobou inicialmente, na sesión ordinaria celebrada o día 29 de xullo de 2009, o regulamento da bolsa municipal de emprego do Concello de Paradelas e bases para a contratación de persoal laboral temporal. En cumprimento do disposto no artigo 49 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, exponse ao público na Secretaría deste Concello polo prazo de trinta días, contados a partir do día seguinte ao da publicación deste anuncio, para os efectos de que durante este tempo poi-

dan formular as reclamacións e suxerencias que consideren pertinentes, que deberán ser dirixidas ao Sr. Alcalde desta Corporación. De non habelas, entenderase aprobados definitivamente.

O expediente está a disposición das persoas interesadas nas oficinas municipais.

Paradela, 10 de agosto de 2009.- O Alcalde, José Manuel Mato Díaz.

R. 04552

POBRA DO BROLLÓN

*Edicto*

Acordado polo Pleno do Concello en sesión ordinaria celebrada o día quince de xullo de dous mil nove as modificacións das ordenanzas fiscais e aprobación da ordenanza que se relaciona a continuación:

Modificación da ordenanza fiscal número 8 reguladora da taxa por recollida e tratamento do lixo.

Modificación da ordenanza fiscal reguladora da taxa polo servizo de axuda a domicilio.

Aprobación da ordenanza reguladora da taxa por expedición de licenza, renovación, inscricións rexistradas e as súas modificacións e cancelacións de animais potencialmente perigosos, fanse público por prazo de

30 días a efectos de exame e alegacións, considerándose definitivamente aprobados de non presentarse ningunha nese prazo.

A Pobra do Brollón, 05 de agosto de 2009.- O Alcalde, José Luis Maceda Vilariño.

R. 04654

*Edicto*

Acordado polo Pleno do Concello en sesión ordinaria celebrada o día quince de xullo de dous mil nove a modificación e aprobación das ordenanzas non fiscais que se relacionan a continuación:

Modificación da ordenanza reguladora da prestación dos servizos sociais do Concello da Pobra do Brollón.

Aprobación da ordenanza reguladora da tenencia de animais potencialmente perigosos do Concello da Pobra do Brollón.

Fanse público por prazo de 30 días a efectos de exame e alegacións, considerándose definitivamente aprobados de non presentarse ningunha nese prazo.

A Pobra do Brollón, 05 de agosto de 2009.- O Alcalde, José Luis Maceda Vilariño.

R. 04655

QUIROGA

*Edicto*

A Xunta de Goberno Local, en sesión celebrada o día 14 de agosto de 2009, aprobou a oferta de emprego público para o ano 2009, comprensiva das seguintes prazas:

FUNCIONARIOS DE CARREIRA:

A) GRUPO/SUBGRUPO:

A / A1

CLASIFICACIÓN:

Escala:

Administración Especial

Subescala:

Técnica

Denominación:

Director Museo

VACANTES:

Unha (1)

FORMA DE PROVISIÓN:

Concurso - oposición libre

B) GRUPO/SUBGRUPO:

A / A2

CLASIFICACIÓN:

Escala:

Administración Especial

Subescala:

Técnica

Denominación:

Enxeñeiro Técnico Agrícola

VACANTES:

Unha (1)

FORMA DE PROVISIÓN:

Concurso - oposición libre

C) GRUPO / SUBGRUPO:

C / C2

CLASIFICACIÓN:

Escala:

Administración Xeral

Subescala:

Auxiliar

Denominación:

Auxiliar administrativo



VACANTES: Dúas (2)  
 FORMA DE PROVISIÓN: Concurso - oposición libre  
 Quiroga, a 17 de agosto de 2009.- O CONCELLEIRO DELEGADO, José Ángel Rodríguez Raposo

R. 04663

## RIBADEO

*Anuncio*

De conformidade co disposto no artigo 212 do TR da Lei de Facendas Locais faise público que a conta xeral deste Concello do exercicio 2008 formada pola Intervención Municipal e informada pola Comisión Especial de Facenda e Contas en sesión de 14 de agosto de 2009 se somete a información pública durante o prazo de 15 días hábiles, contados dende o seguinte ao da publicación deste anuncio.

Durante os mesmos e 8 días máis, os interesados poderán presentar as reclamacións, reparos ou observacións que estimen pertinentes.

Ribadeo, 17 de agosto de 2009.- O ALCALDE, FERNANDO SUÁREZ BARCIA.

R. 04660

## SOBER

*Anuncio*

O Pleno desta Corporación en sesión ordinaria celebrada o día 13 de agosto de 2009 adoptou o seguinte acordo:

"Recoñecer a dedicación exclusiva ao seguinte cargo e polo seguinte importe:

- Concellería de Cultura e Turismo, retribución anual bruta 15.400,00 euros.

As retribucións percibiranse en catorce pagas ao ano, solicitando o alta correspondente ante a Tesorería Territorial da Seguridade Social.

O que se fai público para xeral coñecemento en cumprimento do disposto na lexislación de réxime local.

En Sober, a 14 de agosto de 2009.- O Alcade, José Gómez Vázquez.

R. 04664

*Edicto*

Segundo o establecido no artigo 46 do ROF, faise pública a Resolución de Alcaldía de data 17 de agosto pola que se nomean tenentes de Alcalde e, por este orde, aos seguintes concelleiros:

1ª tenente de Alcalde - Dª Mª Carmen Agrelo Vázquez.

2º tenente de Alcalde - D. Domingo López Fernández.

3ª tenente de Alcade - Dª Sonia Fernández Martínez.

En Sober, a 17 de agosto de 2009.- O Alcalde, José Gómez Vázquez.

R. 04665

## VALADOURO

*Anuncio de licitación*

De conformidade co establecido no acordo do Pleno da Corporación adoptado na súa sesión ordinaria celebrada o día 31 de xullo de 2009, por medio do presente anuncio efectúase convocatoria de procedemento aberto, tramitación ordinaria e varios criterios de adxudicación, para a contratación da explotación do servizo de cafetería do Centro Socio - Cultural, Xuvenil e da Terceira Idade/ Piscina Municipal do Concello de O Valadouro.

1.- Entidade adxudicadora.

a) Organismo: Concello de O Valadouro.

b) Dependencia que tramita o expediente: Secretaría - Intervención.

2.-Obxecto do contrato:

a) Descrición do obxecto: Explotación do servizo de cafetería do Centro Socio - Cultural, Xuvenil e da Terceira Idade/ Piscina Municipal do Concello de O Valadouro.

3.- Duración do contrato:

a) Prazo do contrato: 2 anos.

b) Prórrogas: Admite prórroga.

c) Duración total do contrato incluídas posibles prórrogas: 6 anos.

4.- Tramitación, procedemento.

a) Tramitación: Ordinaria.

b) Procedemento: Aberto.

5.- Prezo do contrato.

a) Canon a satisfacer polo concesionario: 7.500,00 euros.

b) Imposto sobre o valor engadido: 1.200,00 euros.

c) Importe total do contrato: 8.700,00 euros.

6.- Garantía provisional: Non se require en consonancia co artigo 91 da LCSP.

7.- Obtención de documentación e información:

a) Entidade: Concello de O Valadouro.

b) Domicilio: Feira Nova núm. 1.

c) Localidade e código postal: 27770. Valadouro.

d) Teléfono: 982574000.

e) Fax: 982574303.

8.- Requisitos do contratista e documentación a presentar:

a) Requisitos do contratista: Os establecidos na cláusula undécima do prego de cláusulas administrativas particulares.

b) Documentación a presentar: A establecida nas cláusulas duodécima, do prego de cláusulas administrativas particulares.

9.- Criterios de valoración das ofertas:

a) Maior canon ofrecido: Ata 60 puntos.

b) Tarifa de prezos: Ata 40 puntos.

A ponderación dos criterios de valoración realizarase de conformidade co establecido na base 9 do prego de cláusulas administrativas.

10.- Presentación das ofertas de participación:

a) Data límite de presentación: 15 días hábiles contados a partir do día seguinte ó da publicación do presente anuncio no Boletín Oficial da Provincia.

b) Documentación a presentar: A establecida nas cláusulas undécima, duodécima e décimoterceira do prego de cláusulas administrativas particulares

c) Lugar de presentación:

1.- Entidade: Concello de O Valadouro.

2.- Domicilio: Feira Nova núm. 1.

3.- Localidade e código postal: 27770. Valadouro.

11.- Apertura de ofertas:

1.- Entidade: Concello de O Valadouro.

2.- Domicilio: Feira Nova núm. 1.

3.- Localidade e código postal: 27770. Valadouro

4.-Data: Quinto día hábil seguinte ó da finalización do prazo de presentación de solicitudes (excepto sábado).

5.- Hora: 14:00 horas.

12.- Perfil do contratante onde figuran as informacións relativas á convocatoria e onde poden obterse os pregos: valadouro.org

En Valadouro, 4 de agosto de 2009.- O Alcalde - Presidente, Eulogio Fernández Sampayo.

R. 04636

#### *Anuncio de licitación*

De conformidade co establecido no acordo do Pleno da Corporación adoptado na súa sesión ordinaria celebrada o día 31 de xullo de 2009, por medio do presente anuncio efectúase convocatoria de procedemento aberto, tramitación ordinaria e varios criterios de adxudicación, para a contratación da explotación do ximnasio municipal de Ferreira do Valadouro .

1. Entidade adxudicadora.

a) Organismo: Concello de O Valadouro.

b) Dependencia que tramita o expediente: Secretaría - Intervención.

2. Obxecto do contrato:

a) Descrición do obxecto: Explotación do ximnasio municipal de Ferreira do Valadouro ubicado na Avenida Diputación número 3.

3.- Duración do contrato:

a) Prazo do contrato: 1 ano.

b) Prórrogas: Admite prórroga anual.

c) Duración total do contrato incluídas posibles prórrogas: 5 anos.

4.- Tramitación, procedemento.

a) Tramitación: Ordinaria.

b) Procedemento: Aberto.

5.- Prezo do contrato.

a) Canon a satisfacer polo concesionario: 300,00 euros.

b) Imposto sobre o valor engadido: 48,00 euros.

c) Importe total do contrato: 348,00 euros.

6.- Garantía provisional: Non se require en consonancia co artigo 91 da LCSP.

7.- Obtención de documentación e información:

a) Entidade: Concello de O Valadouro.

b) Domicilio: Feira Nova núm. 1.

c) Localidade e código postal: 27770. Valadouro.

d) Teléfono: 982574000

e) Fax: 982574303.

8.- Requisitos do contratista e documentación a presentar:

